



.....

**Xornada**

# **Julia Minguillón**

## **Revisando a nosa arte**

.....

**Consello da Cultura Galega**  
Santiago de Compostela  
28 de setembro de 2022



A pesar de ser das poucas artistas galegas que transcenderon a nivel nacional, Julia Minguillón aínda non goza da visibilidade e do recoñecemento dos que a súa traxectoria a fai notoria. Cunha paleta valente, Julia Minguillón será mestra na arte do retrato, destacando tamén as súas composicións de figuras, bodegóns e paisaxes. Virtuosa debuxante, as súas figuras sempre amosaban alardes na precisión, nos escorzos e na perfección técnica, mais serán as súas paisaxes as que amosarán a súa máxima liberdade. Nada en Lugo en 1906, Julia Carmen Minguillón Iglesias era filla do boticario de Vilanova de Lourenzá, onde pasou a infancia. En Burgos e Valladolid entra en contacto coa pintura, durante o bacharelato, e retorna a Lugo con 17 anos. Tras acadar unha bolsa de estudos da Deputación de Lugo, trasládase a Madrid, onde orienta os estudos inicialmente cara á escultura e logo cara á pintura, e participa na súa primeira exposición colectiva en 1933. Co estalido da guerra, retorna á casa paterna en Vilanova de Lourenzá, onde casa co escritor e xornalista Francisco Leal Insua, ao que retratará varias veces, entre elas nunha das súas obras máis célebres, *A miña familia*, hoxe no Museo Provincial de Lugo, xunto á obra máis representativa da autora: *A escola de Doloriñas*. Con esta obra, en 1941 consegue a Primeira Medalla na Exposición Nacional de Belas Artes e nos seguintes anos expónse en Berlín e na Bienal de Venecia. En 1945 realiza a súa primeira grande individual e en 1948 gaña o Premio do Círculo de Belas Artes. Entre 1945 e 1961, reside entre Vigo, Madrid e América Latina, e viaxa en varias ocasións a París. Julia Minguillón xa era unha pintora de gran prestixio, retratando a persoas notables da sociedade. En 1961 volve a Madrid, onde reside ata a súa morte. Estamos ante unha das grandes pintoras da posguerra, que proxectou a arte galega e a nosa terra no exterior, que foi tecnicamente brillante e acadou unha paleta e un estilo moi persoais. Acadou a Primeira Medalla Nacional de Belas Artes, nuns tempos en que ser muller era un impedimento para ser un suxeito activo na sociedade e probablemente siga sendo a causa principal da súa invisibilidade. Mais hoxe en día Julia Minguillón é estímulo para reconstruír a historia da arte con elas (as mulleres), alén de ser unha referencia fundamental para poder educar en igualdade dende os museos, as escolas e os espazos culturais. E dende o Consello da Cultura Galega queremos contribuír con esta xornada á divulgación e á análise da súa figura, para situala no lugar que merece; porque, “revisando a nosa arte”, ela é unha das nosas artistas fundamentais.

# Programa

---

17:00h horas  
Presentación

17:10 horas  
Conferencia inaugural  
*Julia Minguillón: imaxes silenciosas*  
**María Victoria Carballo-Calero Ramos**  
Catedrática de Historia da Arte Contemporánea da UVigo. Realizou a súa tese sobre a artista, publicada pola Fundación Barrié de la Maza

18:00 horas  
Pausa

18:10 horas  
Mesa redonda  
*Divulgando, actualizando e investigando dende os museos a figura de Julia Minguillón. A pintora como inspiración para outras prácticas artísticas, culturais e pedagóxicas*  
Modera: **Paula Cabaleiro**,  
coordinadora da xornada

“Como educar en igualdade a través das obras de Julia Minguillón na Rede Museística”

**Encarna Lago**  
Xerente da Rede Museística de Lugo, que conta con obras de Julia Minguillón na colección. Coordinou diferentes proxectos artísticos con autores/as contemporáneos/as de interpretación e actualización da súa obra, como *Olladas. A miña familia*

"Xogando con Julia Minguillón: propostas de expresión dramática, plástica e musical para a infancia"  
**María Campos e Carlos Yus**  
Teatreiros. Narración oral e artes escénicas. Fundadores da Compañía Migallas Teatro. Inspiráronse na figura de Julia Minguillón en proxectos de teatro, narración e de pedagogía teatral como *Á procura do tesouro* ou *Elas pintan moito*

19:15 horas  
Clausura da xornada

## **Organiza**

Sección de Creación e Artes Visuais Contemporáneas (CCG)  
Consello da Cultura Galega

## **Coordina**

Paula Cabaleiro

## **Lugar**

Consello da Cultura Galega  
Pazo de Raxoi, 2º andar  
Praza do Obradoiro, s/n  
15705 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

## **Inscripción**

A inscrición é gratuíta.  
O número de prazas é limitado.  
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

## **Máis información**

[www.consellodacultura.gal](http://www.consellodacultura.gal)  
[difusion@consellodacultura.gal](mailto:difusion@consellodacultura.gal)  
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

.....

**Organiza:**

